



A FUNDACION PENZOL CAE NO VINTECATRO DA RÚA Policarpo Sanz. No baixo do edificio, un marco a mar de apropiado: A Imprenta Gutemberg. Primeiro piso dunha casa antiga, escaleiras de pedra, amplio portal, fresco portal que dá gosto cruzar polo vrao cando o sol pega forte nas aceiras. Invariablemente, non máis entrar na biblioteca, aparece a figura de Paco na súa mesa de traballo ordenándoo todo. En certo modo Paco F. del Riego forma parte de todo esto. Hai un gran acougo no local situado no corazón de Vigo. As veces, coa fiestra entreaberta, escoitaremos o carillón da Caixa de Aforros cun Camiña don Sancho ou a Negra Sombra, silábicos, metálicos.

Pasa moita xente por eíqui ao longo do ano. Estudiantes franceses, italianos, noruegos, portugueses, americanos, romanistas especializados en folklore, xente namorada das catedráis e dos mosteiros, arqueólogos, preparadores de tesis socio-económicas, escritores e amigos dos libros, que queren botarlle unha ollada a algúin título recén saído do prelo. Tamén visitan a biblioteca moitos alumnos do Instituto que queren saber algo más sobre Curros ou Rosalía do que teñen nos textos. Eu gastéi tamén moitas horas manexando o ficheiro, ollando artículos, ordeando periódicos, lendo, aprendendo. Coido que antre libros e folletos a Fundación terá uns doce mil exemplares, manuscritos, mapas, edicións únicas, rarísimas. Xunto coa da Academia é a biblioteca privada máis importante do país pola súa riqueza documental.

Non embargantes Fermín Penzol é persoalmente desconocido. E esto non me asombra o máis mínimo: Recordo que o conocín un día calquera na Fundación, con moita xente arredor. Enteréime ao día seguinte de que aquel home de ollos claros, calado, discretísimo, era o Penzol que daba nome á Fundación. Nesta época de tanta campanilla e birimbau este anonimato é un gran signo de elegancia. Porque ademáis Fermín Penzol non é dos que chegan agora. Ven dende lonxe, naqueles tempos de mocedá cobrando suscricións de "A Nosa Terra" casa por casa na capital de España, pertenecendo ás Irmandades da Fala, na Coruña, con Vilar Ponte, coleccionando libros de Dereito referidos a Galicia, xa daquel entón. Nesta materia é sen dúbida un gran bibliófilo. Fermín Penzol donou todos os seus libros de Castropol, Madrid, Ponferrada á Fundación, e ademáis, en vida. Eso sí que é difícil. Pois o normal é arrequecer as bibliotecas cando os donantes morren e, se cadra, citalo oficialmente nun acto ou que a cousa conste nunha placa visible, co agradecimento de todos.

Si algo xusto podo decir sobre Fermín Penzol será percisamente ese seu xeneroso xeito de ser, esa posición calada, ese anonimato, a súa axuda sempre en silencio.

**¡MAIS, QUÉ DIFÍCIL SILENCIO CANDO EN VERDÁ SE LEVA
DADO TANTO!**

XOHANA TORRES